

Inés Rey: "Neste mandato devolvemos o orgullo á cidade da Coruña"



Páxina 6

Tres novos destinos internacionais para Alvedro



Páxina 7

Observatorio entre a Deputación da Coruña e PuntoGal



Páxina 8

A Xunta mellorará polígonos empresariais e creará viveiros industriais



Páxina 12

Galegos en Oviedo homenaxearán ao pobo ucraíno



Páxina 16

Os políticos se preparan para un 2023 electoral

Páxina 2



A catedral de Mondoñedo recupera a policromía do retablo

Páxina 10

O novo centro de saúde do Carballiño duplicará a superficie do actual

Páxina 13



Galicia  **Número 1 en ventas de casas**

Paradise 988 375 773
628 299 941

www.galiciaparadise.com mail@galiciaparadise.com

Avenida Habana, 11. Local 9 OURENSE

O Capricho **Servizo a domicilio**

CASCO HISTÓRICO  OURENSE

Rúa Lepanto, 17 - baixo - OURENSE

Tfno. 988 981 601

Os políticos se preparan para un 2023 electoral

Setembro marca o inicio de curso para os partidos políticos

Por Roberto Mansilla Blanco

Tralas vacacións estivais, 'volta ao cole' do establishment político preparando un outono que se presume 'quente'. Os principais partidos políticos a nivel estatal afinan estratexias para iniciar o 'novo curso político' 2022-23 cun intenso horizonte electoral á volta da esquina: municipais de maio 2023; xerais de novembro 2023 e, no caso galego, autonómicas 2024.

xira exterior por Colombia, Ecuador e Honduras na que buscaba reposicionar o papel de España ante o novo contexto hemisférico así como definir un novo rol para a UE á hora de reducir espazos de actuación de Rusia e China en América Latina, co foco na recomposición xeopolítica global a carón da guerra ucráína e das tensións en Taiwán.

En canto a concentracións políticas, o máis 'madrugón' foi o PP. O 27 de agosto, os

Núñez Feijóo á cabeza, seguido do seu sucesor na Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, o presidente andaluz Juanma Moreno, a presidenta madrileña Isabel Díaz Ayuso, o presidente de Castela e León, Alfonso Fernández Mañueco e o presidente murciano Fernando López Miras.

Similar perspectiva tivo a estrela política en ascenso, a vicepresidenta segunda e ministra do Traballo Yolanda Díaz, quen tamén quixo marcar o ritmo político neste inicio de curso. E tamén elixiu o rural, agora baixo o lema "Rural vivo". A de Fene estivo este 1º de setembro na localidade lucense do Courel, castigado polos incendios deste verán. Yolanda Díaz quere impulsar na súa natal Galicia a súa plataforma electoral "Sumar" poñendo o foco no despoboamento do rural, atraendo o voto cidadá descontento co establishment político e facendo honores ao escritor Uxío Novoneyra.

Díaz sabe que está nun momento político chave. No Courel iniciou unha xira política de catro meses por distintos puntos da xeografía española na que buscará elevarse como unha alternativa política crible, en particular ante a posibilidade dunha coalición Feijóo-VOX con miras á Moncloa. Está inmersa nunha "cruzada" contra a patronal defendendo o



aumento salarial e as mobilizacións sindicais ante a crise 'que se avicina'. Toda vez, Díaz critica a viraxe "otamista" do seu socio de goberno Pedro Sánchez. Un pulso a varias bandas que permitirá medir cal é a súa capacidade política.

Pablo Fernández deixaron entever na rolda de prensa de inauguración do curso político que están abertos a negociar coa "opción Díaz". O obxectivo é coordinar plataformas a nivel autonómico e local para marcar a 'folia de ruta' electoral 2023.



O 'pistoletazo de saída' deuno o goberno de Pedro Sánchez o pasado 23 de agosto, cun Consello de Ministros extraordinario. Continuou dous días despois cun pleno no Congreso dos Deputados que permitiu, entre outras medidas, aprobar o plan enerxético. Paralelamente, Sánchez activou unha




'populares' deron inicio ao seu curso político na localidade pontevedresa de Cerdedo-Cotobade. Queren apuntar alto na súa pretensión de chegar á Moncloa, tal e como advirten algunhas enquisas. No rural pontevedrés estivo presente o 'alto mando' do 'novo PP', con seu candidato Alberte



A aposta de Yolanda Díaz lévanos á outra beira da esquerda española: Unidas Podemos (UP). Os "morados" tentan equilibrar as súas expectativas electorais calculando a posibilidade de unir forzas coa candidatura de Díaz. Sen concentracións políticas masivas nin xiras exteriores, os voceiros de UP Alejandra Jacinto e

Benvidos ao novo curso político con horizonte electoral 2023. A política volve nun contexto de crise económica e xeopolítica global. E non esquezamos que o presidente francés Emmanuel Macron xa anunciou o "fin da era da abundancia", co foco na enerxía ante o inverno 'que se avicina'.

ANTOMS



Giorgia Meloni: a Le Pen italiana

A líder ultradereitista podería converterse na primeira muller en gobernar o país transalpino.

Italia irá a eleccións xerais o vindeiro 25 de setembro, anunciadas trala caída do goberno de Mario Draghi en xullo pasado. A ultradereitista Giorgia Meloni (Roma, 1977) é a política italiana mellor posicionada para gañar estes comicios.

Meloni preséntase ás eleccións como parte dunha coalición liderada por formacións populistas como a Liga de Matteo Salvini e Forza Italia de Silvio Berlusconi. De acordo ás últimas sondaxes, o seu partido "Irmáns de Italia" lidera a intención de voto co 24%, toda vez outras sondaxes aseguran que hai un 45% de indecisos. De continuar esta tendencia, Meloni podería converterse na primeira muller a cargo da xefatura do Goberno.

Admiradora de Mussolini

Con todo, a líder ultradereitista ten un pasado controvertido, en particular no que respecta a as súas posicións cara o pasado fascista en Italia. Aínda que chegou a declarar que o fascismo é "historia desde hai décadas" consi-

derándose a si mesma como vítima do "poderoso circuíto mediático da esquerda", o diario progresista La Repubblica difundiu unha vella entrevista na que unha novísima Meloni eloxia ao ditador Benito Mussolini con estas palabras: "Como el non houbo outro nos últimos 50 anos".

No actual contexto electoral, Meloni vese na obriga de manobrar as súas estratexias para gañar as eleccións, matizando e realizando unha operación "cosmética" que non lle prexudique nas urnas. De acordo a Mattia Diletti, profesor de Política na Universidade La Sapienza de Roma, "Meloni xoga á defensiva desde hai 30 anos. Sabe o que ten que dicir".

Aínda así, Diletti engade que "este esforzo por transmitir a mensaxe de que o fascismo é letra morta faise mantendo certa ambigüidade (que) evita renegar desa herdanza por completo". Este académico asegura que no partido de Meloni "aínda hai nostálgicos" e é herdeiro do posfascista Movimento Social Italiano.

En síntese, Meloni non quere transmitir medo ao electorado, reproducindo dalgún xeito a estratexia da ultradereitista Marine

Le Pen nas recentes eleccións xerais francesas. O obxectivo é presentarse como "unha opción válida" para asumir o mando de Italia, tal e como asegura o politólogo Pasquale Pasquino, profesor emérito da Universidade de Bologna. Non obstante, outros analistas recelan das súas verdadeiras ideas e posicións políticas.

Crítica coa UE

Como Salvini pero tamén como o presidente húngaro Viktor Orbán, Meloni é unha dura crítica coa Unión Europea. En 2018 asinou unha proposta de lei para eliminar da Constitución italiana os vínculos derivados das obrigas procedentes do dereito comunitario. En diversos actos públicos, Meloni fixo gala do saúdo fascista.

A pesar disto, o seu programa electoral contempla certo compromiso comunitario cando escribiu que "Italia (é) parte plena de Europa, da Alianza Atlántica e de Occidente". Con todo, Meloni tamén pediu "unha revisión" do Pacto de Estabilidade e a gobernanza económica da UE, así como o endurecemento da política migratoria.

Rusia e os vínculos con VOX

Outro aspecto ten que ver coa posición de Meloni con respecto



a Rusia, en particular tomando en conta a presenza de Salvini na súa coalición electoral. A pesar do seu mencionado compromiso atlantista e dos seus achegamentos co Partido Republicano estadounidense, Meloni sabe que Salvini mantivo unha relación moi ambigua con Rusia e, particularmente, con respecto á guerra en Ucraína. Estas discrepancias poderían aflorar se Meloni gaña as eleccións italianas.

De acordo ao politólogo e ex primeiro ministro progresista Enrico Letta actualmente a cargo do Partido Democrático (PD), "hai unha forte inxerencia de Rusia na campaña electoral italiana para favorecer á dereita" tomando en conta que "Salvini e Berlusconi

son dous amigos (de Rusia)". Letta tamén menciona as recentes declaracións de Dmitri Medvedev, ex primeiro ministro ruso, quen nunha mensaxe en Telegram pediu aos europeos "castigar nas urnas aos seus estúpidos gobernos".

Tamén causa preocupación o vínculo de Meloni con VOX e Orbán. Segundo advirte Pasquino, "o problema aí son tamén os socios europeos de Meloni. Por exemplo están Vox en España, e o primeiro ministro Viktor Orbán en Hungría". Pasquino asegura que unha eventual vitoria electoral do bloque dereitista italiano tamén "podería reforzar aos nacionalistas europeos máis radicais".

Con información de El Periódico de España e Euronews.

Por Roberto Mansilla Blanco

É perceptible que hai un "fin d'èpoque" na Rusia de hoxe. En medio dunha guerra en Ucraína que leva xa seis meses sen visos de finalización, o deceso de Mijaíl Gorbáxov este 30 de agosto, aos seus 92

"Gorbáxov tentou achegar á URSS a ese Occidente idealizado (...) Hoxe Putin afástase precisamente dese Occidente co trasfondo dunha guerra"

anos, da conta dun fin de ciclo na historia contemporánea de Rusia. Un ciclo iniciado coa desintegración da URSS en 1991 e que reflicte unha transición inacabada, hoxe en día monopolizada polo protagonismo do actual presidente Vladimir Putin, no poder desde 1999.

Dúas palabras acompañan a Gorbáxov: perestroika e glásnost

que, quizáis hoxe, deberían cobrar vixencia na Rusia de Putin. Tras ascender ao poder como secretario xeral do PCUS en 1985, Gorbáxov deu pé a aires de liberdade in-

sospeitados nunha URSS en fase de declive, cada vez máis erosionada pola crise económica e o paulatino ascenso dunha clase burocrática que foi definindo a fisonomía da estrutura oligocrática que dende entón impera no Kremlin, sorte de nova nomenklatura post-comunista.

Unha oligocracia que Boris Yeltsin, o sucesor de Gorbáxov,

elevou ás máximas instancias do poder das cinzas da URSS e da súa caótica transición e que Putin, o ex axente do KGB supeditado no seu momento ás ordes de Gorbáxov, foi acicalando con destreza para definir os trazos da Rusia post-soviética.

Idolatrado nun Occidente mergullado na estratosférica "Guerra das Galaxias" lanzada polas administracións Reagan-Bush contra a URSS e o campo socialista, o legado de Gorbáxov é contradictorio na súa natal Rusia. Nun artigo anterior publicado fai exactamente un ano ("Gorbáxov, aquel ilustre esquecido", Novas do Eixo Atlántico, agosto de 2021) explicaba esa estraña condición de "amor-odio" que persiguiu a Gorbáxov incluso unha vez deixara o poder. Deste xeito,



o último secretario xeral do PCUS e posteriormente o primeiro (e tamén último) presidente da URSS deixou subitamente de ser unha personaxe relevante para a política rusa cando, no seu momento de máximo poder, era claramente o principal desafío para o Occidente "atlantista" deseñado dende

Washington.

Gorbáxov, ese "ilustre esquecido", desaparece fisicamente toda vez a Rusia de Putin tenta (re) definirse dentro da sempre macabra mecánica histórica dos conflitos e das guerras, e que ten hoxe a Ucraína no centro da atención xeopolítica e militar global.

Gorbáxov tentou achegar á URSS a ese Occidente idealizado pero tentando evitar que perdera a súa esencia. Fracasou no seu intento. Hoxe Putin afástase dese Occidente co trasfondo dunha guerra na que Rusia busca reorientar as súas prioridades históricas e xeopolíticas, quizáis máis enfocadas en tentar pechar esa "transición inacabada" dentro espazo euroasiático ex soviético. Curiosa e estraña analoxía entre Gorbáxov e Putin que, dalgún xeito, define tamén a vertixinosa historia da Rusia contemporánea, herdeira de pantasma do pasado que se negan a marchar.

Opinión

Caderno da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Devalo electoral no PPdeG?

Electomanía ven de publicar unha nova edición do seu Galaicopanel que reflicte unha máis ca probábel perda da maioría absoluta do PP e unha maioría alternativa de centreesquerda. Deste xeito, ao PP se lle atribúen 37 escaños cun 42,3% dos votos (fronte a case o 48% e 42 escaños acadados nas nacionais galegas de xullo de 2020), mentres o BNG sobiría tres escaños (de 19 a 22) e 2,4 puntos (do 23,8% ao 26,2%). O PSdeG mantería os seus 14 escaños, cun 19,4% dos votos, mentres Galicia en Común volvería ao Parlamento, con 2 escaños, no limiar do 5% esixido legalmente e próximo a perder, xa que logo, a súa representación. Vox, cun 4,8%, non acadaría representación. Deste xeito o conxunto das forzas progresistas quitarían 38 representantes fronte aos 37 do PPdeG, polo que



Ana Pontón (BNG) podería ser a vindeira Presidenta da Xunta.

Cómpre dicir que esta enquisa ten un valor limitado, tendo en conta que cunha marxe de erro do 2,3% a adxudicación dos restos podería dar uns resultados

finais ben diferentes. Mais indubidabelmente sinala unha tendencia, pois que achega 548 entrevistas novas a unha base previa moi superior. Serve, xa que logo, para estudar como evolúe a percepción do corpo electoral galego. Cun 50,6% de voto progresista fronte ao 42,3% do PP a fenda semella abonda como para albiscar a probabilidade relativa dunha remuda no Goberno deste país.

Os case cen días do Goberno de Alfonso Rueda non lle serviron ao pontevedrés para mellorar de xeito significativo nin o seu coñecemento nin a súa avaliación cidadá. Tampouco semella que lle valesen para consolidar o seu liderado social nin no propio PPdeG. O 11,5% da inflación galega sobarda en case un punto a estatal en en máis de tres a da UE, mais a cidadanía galega descoñece ningunha medida correctora adoptada pola Xunta, que mesmo suprimiu o bono de alimentos para persoas en risco de exclusión introducido no tempo da pandemia. A asistencia primaria e mesmo

algúns servizos da hospitalaria, como a Medicina Interna, viven o seu annus horribilis mentres a peor campaña de lumes dende 2017

amosou a improvisación e falla de planificación diunha Consellería do Medio Rural que o 10 de xullo non tiña operativas aínda as brigadas de extinción na Terra de Lemos, Val de Quiroga e O Caurel.

Velaí que esta falla de liderado e ideas estea a pesar como chumbo no ánimo de relevantes persoeiros populares que mesmo confían na eventual coincidencia das eleccións estatais coas nacionais galegas, contra a fin do 2023, para que Núñez Feijóo poida darlle a volta a esta onda devalante.

Neste senso, se Alfonso Rueda non é quen de mellorar substancialmente o mapa de gobernos locais do PP nas vindeiras municipais esta indesexábel coincidencia electoral será aínda máis factíbel.



Centralismo ferroviario

A economía galega require para viabilizar o seu desenvolvemento dunha conexión ferroviaria rápida para levar as súas mercadorías a Europa e dunha conexión ferroviaria de alta velocidade con Portugal. En ambos os dous casos as devanditas conexións haberían conectar tamén os sistemas portuario e aeroportuario galegos coa Europa e co porto de Leixoes e aeroporto Sá Carneiro do Porto.

Porén, seica o Goberno do Estado ten outros plans. Porque ven de quitar o documento Mercancías 2030 no que exclúe ao noso país da autoestrada ferroviaria que conectaría o Atlántico peninsular co conxunto de Europa. Madrid, descoñecendo as recomendacións da UE e as demandas da Xunta, dos partidos políticos e dos axentes sociais galegos, aposta por conectar pos portos de Algeciras e Huelva

coa capital do Estado e por conectar os portos de Leixoes, Lisboa e Sétubal vía val do Douro coa liña Salamanca-Valladolid-Burgos-Euskadi-Francia. Se queríamos superar a radialidade centralista velaiquí as dúas cuncas.

Polo que atinxe á conexión ferroviaria con Portugal trátase dun proxecto de vertebramento transfronteirizo que acadaría sempre un cumprimento financiamento europeo, moito máis no contexto dos fondos Next Generation. O Goberno portugués prioriza a conexión Lisboa-Porto-Braga-Minho-Galicia a respecto dun AVE Lisboa-Extremadura-Madrid que non lles interesa. O Goberno do Estado prioriza este AVE e adia indefinidamente a programación das obras precisas para a saída sur de Vigo. Empresas como o grupo alemán Deutsche Bahn agardan por esta conexión para licitar por A Coruña e Santiago a dúas horas do

Porto e menos de tres horas e media de Lisboa. Un espazo económico e cultural común, de sete millóns de habitantes (a Gallaecia que integraría Galicia e o Norte



de Portugal) agarda pola progresión xeométrica de sinerxias e potencialidades que este proxecto xeraría.

O arquitecto galego Xosé Lois Martínez suxire aqueladamente que todas as Admi-

nistracións locais do espazo atlántico, Universidades galegas e principais axentes económicos e sociais lle dean un grande pulo social e mediático, como proxecto

de País, a esta saída sur por camiño de ferro de Vigo, seguindo o ronsel da tradición galega previa a 1936 na que eran os concellos e forzas económicas e sociais de progreso de Galicia os que promovían e pulaban polas infraestruturas ferroviarias que o País precisaba. Sen dúbida, tanto neste grande proxecto como no da autoestrada ferroviaria de mercadorías a Europa cómpre pormos a intelixencia, a forza e a economía nacionais diante das pantallas, mais tamén na rúa, para obter o que o Estado nos quere negar.

Malia todo, cómpre lembrar que estes atrancos son propios da conformación esencial do Estado. Só se resolven con autogoberno e visión autocentrada. Só se resolven dende a soberanía.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez - Porto Ucha - Raquel Vázquez - C. Méixome - M. Xiraldez - Pérez Lema - X. Glez. Mtnéz. - M. Bragado - B. Iglesias (Mero) - Nemesio Barxa - Andrea Goro - Anxo Mena - I. Otero Varela - Susi Rodríguez - Jesús Témez Fernández - Isidoro Gracia - Rafael José Adalid - Laura de Cáceres - Kiko Neves - Ramón Mariño - Manuel Estévez.

PAIS BASCO: Nicolás Xamardo. **CANARIAS:** Fco. Puñal.

Fotografía: Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena - Pepe Carreiro - X. Marín - Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) - Ignacio Hortas - Francisco Puñal - Felix Ronda - Fuco Prado - Sex.

Por Roberto Mansilla Blanco

Volta ao "cole"

Comeza un novo ano político. Como se da 'volta ao cole' se tratase, e tras un verán de calor, sequía e incendios, o establishment político español apréstase a asumir este test político marcado polo horizonte electoral 2023 con municipais (en maio) e xerais (a priori en novembro).

Cómo chega cada actor político a esta 'volta ao cole'? Nun panorama determinado polas candidaturas electorais e os equilibrios políticos, non se asoman expectativas de cambios bruscos nin adiantos electorais. Prima a necesidade imperiosa por conservar, como sexa, a estabilidade política, tal e como o desexa unha Europa que observa desafíos estratéxicos xeopolíticos (guerra na Ucraína), enerxéticos (subministradores de Rusia e Alxeria) pero tamén políticos.

Vexamos. Italia definirá novo goberno o vindeiro 25 de setembro cunha extrema dereita en alza (Giorgia Meloni) O "motor da UE", Alemaña, vese politicamente estancando. Ante esta ausencia alemá, e coma se dunha especie de "sucesor de Merkel" se tratase, o presidente francés Macron toma a iniciativa nun clima continentalmente polarizado. A Gran Bretaña do Brexit busca a sucesión do excéntrico ex primeiro ministro Boris Johnson baixo un clima de desconfianza. E novos membros da OTAN (Finlandia) vense sacudidos por escándalos políticos "surrealistas".

Pero volvamos á "volta ao cole" en España e cómo aborda este ciclo cada actor político. Comecemos polo principal partido de goberno, o PSOE. Observamos que Pedro

Sánchez vive probablemente o seu mellor momento político. O comezo do ano lexislativo o pasado 25 de agosto, o último desta lexislatura iniciada en xaneiro de 2020, da a entender a solidez do equipo de goberno unha vez fora aprobado o seu decreto do plan enerxético e unha importante batería lexislativa.

Sánchez vese tamén activo en materia exterior. Co 'espaldarazo' do cumio da OTAN de Madrid, o presidente de goberno realizou unha estratéxica xira balcánica co aval de Bruxelas e tamén por unha América Latina que volve a xirar á esquerda progresista (Chile, Colombia e a posibilidade do retorno de Lula en Brasil). Todo isto sen perder de vista o "mid-term" lexislativo de novembro en EE.UU, un test político para o seu "amigo" Biden toda vez volve a asomarse a figura de Trump co horizonte 2024.

"O 'factor Díaz' é un reto para Sánchez e UP pero tamén para a oposición"

Así, Sánchez semella afrontar con garantías esta nova fase ante o aparente tsunami político en cernes que diversas enquisas, monopolizadas algunhas polos poderes fácticos de sempre, traducen como posibles cambios políticos á dereita (Feijóo, VOX) ou á esquerda (Yolanda Díaz)

Sigamos co socio de Sánchez na coalición da Moncloa, Unidas Podemos (UP). Os "morados" tentan definir o seu futuro mi-

rando de reollo a candidatura da vicepresidenta Yolanda Díaz ("Sumar") e os vaivéns do contexto "post-Pablo Iglesias" que, ata o momento, non decide unha candidatura unitaria de consensos. O 'factor Díaz' é un reto para Sánchez e UP pero tamén para a oposición. A ferrolá sabe que ten nas súas mans unha chave decisiva de



cara a este electoral 2023.

Pasemos á oposición. Existe unha visible operación mediática e 'cosmético' para erixir ao "PP de Feijóo" como a alternativa viable para "derrubar" a coalición PSOE-UP. Pero Feijóo navega en augas turbulentas motivadas, en gran medida, polas súas ambigüidades.

O dos Peares calcula unha aposta polo "centrismo" toda vez vese seducido en radicalizar o clima político contra Sánchez. Así mesmo, 'cortexa' a VOX en goberno autonómico (Madrid, Castela-León, Andalucía) mentres busca cómo manexar un "ayusismo" que se nega a pregar bandeiras e que tenta por tódolos medios recuperar a iniciativa. Así, Feijóo comeza a entender que Madrid non é Galicia, que as maiorías absolutas

requiren tamén de consensos, de delicados equilibrios e de maior tacto político. Curioso: no camiño da Moncloa 2023, Galicia ten presenza (Feijóo e Díaz), sempre tamén observando o que poida ocorrer coas autonómicas "post-Feijóo" de 2024,



"Feijóo comeza a entender que Madrid non é Galicia"

onde existen expectativas dun posible cambio de rumbo na Xunta de Galicia.

Do resto do panorama político, pouco que engadir. EH Bildu, PNV, ERC e Máis País equilibran os seus intereses entre Sánchez e Díaz coa perspectiva de evitar unha coalición de dereitas Feijóo-VOX. O procés catalán pasa probablemente polas súas horas máis baixas pero tampouco está morto: dependerá tamén dos equilibrios políticos e dos resultados das municipais de maio para ver cómo relanzarse. Finalmente, Ciudadanos (Cs) segue no seu labirinto existencial, mediatizado entre os seus apoios ao PP e VOX e a súa cada vez máis evidente irrelevancia política.

Esta 'volta ao cole' político terá tamén como prioridade acometer o peso dunha crise económica enerxética sen esquecer as tensións xeopolíticas globais (Ucraína, Taiwán) Escenarios que obrigarían tentativamente a un actualización circunstancial entre Sánchez e Feijóo, vía Pactos de Estado (como desexa Bruxelas) pero sempre á espera do que depare o calendario electoral, sempre determinado por fixar estratexias máis polarizadoras e confrontativas.

Por Isidoro Gracia Plaza

0 gasoduto europeo – Zapatero tenía razón

O primeiro Goberno Zapatero propuxo que España ampliase substancialmente as súas conexións co resto da Unión Europea, moi limitadas entón e agora, tanto a súa rede de gas como a rede de moi alta tensión, contribuíndo así á construción dun mercado enerxético único. A inclusión nas listas de Proxectos de Interese Común permitirían que as obras se financiasen ao 50% entre os Estados interesados e a U.E.

No tema gas España dispuña dun operador de primeiro nivel: Enagás, propietaria e xestora de practícaa totalidade da rede de transporte e distribución de gas no Es-

tado español (coa pequena excepción da de Reganosa en Galicia), de feito o proxecto, que se titulou MidCat, empezouse a construír a finais de 2010, con en principio a única oposición de grupos ecologistas locais a ambos os dous lados da fronteira, o tramo construído chegou a Hostalric a principios de 2011, preto de Martorell cabeceira española do tubo, a francesa situábase na rexión Languedoc-Rossellón.

A oposición dos gobernos de Merkel a que a U.E. financiase, e os de Sarkozy que pretendía que pagase España pero que Francia quedase coa xestión, paralizaron

as obras (deben faltar uns 170 ou 180 Km dos 235 previstos para a conexión entre ambas as cabeceiras).

Houbo novos intentos de retomar a idea, ampliando ata a costa occidental da U.E. cambiando o tamaño ata os 1.000 km, e mesmo o nome (do que non quero acordarme), intentos que lograron o acordo de Portugal, España e Francia, pero a firme aposta de Alemaña polo gas ruso, e a filtración de informes de consultoras enerxéticas e de enxeñería nórdicas que cuestionaban a viabilidade económica do proxecto, "salvo se danse unha concatenación de circunstancias máis que improbables", impediron novamente o acceso ao financiamento europeo. Chegándose a afirmar que a construción dese tipo de mega infraestruturas só responde a intereses corporativos e non a satisfacer necesidades reais dos cidadáns.

Nalgún medio de comunicación da época en que, ante a insistencia do actual goberno



español, discutíase novamente sobre a necesidade de interconexión enerxética, lin que o argumento de que a Península Ibérica deixaría de ser unha "illa enerxética" era "un falso argumento" (sic). Non estou a falar de hai moito tempo, o artigo é de xusto antes da pandemia, a finais de 2019.

Hoxe como na antigüidade sucedeulle ao apóstolo Pablo de Tarso todos os dirixentes europeos caen dos seus cabalos de opositores á "excepción ibérica" e piden ao sucesor de Zapatero ser acollidos no seo das súas ideas sobre enerxía. (Excepto os do PP e "adláteres").

Inés Rey: "Neste mandato devolvemos o orgullo á cidade da Coruña"

Alcaldesa da Coruña, Inés Rey, fixo balance do mandato neste inicio de curso político. "Neste mandato devolvemos o orgullo á cidade da Coruña, recuperando o liderazgo e o diálogo coas administracións" sinalou.

Rey marcou ás prioridades para o curso político e explicou as novidades coas que arranca, entre elas a rebaixa do prezo do bus, que se aplicará a partir deste 1 de setembro. Lembrou tamén os efectos no seu mandato tanto da pandemia (mobilizando 20 millóns€ de fondos propios) como da guerra en Ucraína.

En materia de mobilidade urbanística, Rey informou que o Concello da Coruña, nos últimos tres anos e medio, actuou en máis de medio centenar de rúas



e prazas para gañar espazo peonil e acadar melloras urbanísticas, máis de 50.000 metros cadrados de actuacións de distinto tipo, así como 452 actuacións de mellora na cidade.

Nese sentido, a Xunta de Goberno Local aprobou a adxudicación do proxecto de remodelación dos cruzamentos da rúa

Ramón y Cajal e da avenida do Exército. Tamén aprobou a licitación do programa educativo municipal das Bolsas USA para o curso 2023/2024 e a adxudicación das obras de reforna do rexistro e arquivo municipais que se atopan no palacio de María Pita á empresa "Construcciones López Cao".

BNG denuncia a 'falta de fiabilidade' da UE ante a crise enerxética

Aportavoz do BNG en Europa, Ana Miranda, acusa a Comisión Europea dun inxustificado retraso na toma de decisións diante da grave crise enerxética e suba da inflación na que está inmersa Europa desde hai meses. Considerou que este retraso "ten provocado o empobrecemento das persoas traballadoras, as familias, o tecido produtivo e os Pobos".



"A Comisión Europea non é fiable, porque un día di unha cousa e outro día a contraria", critica a política nacionalista. "Tal e como defendemos no BNG, a intervención pública do sector eléctrico é indispensable para baixar os prezos", indicou Ana Miranda, quen lembra que o Bloque xa desenvolveu no pasado mes de marzo a campaña.

As familias protestan pola folga nas Galiñas Azuis

As asociacións de familias emitiron un comunicado de protesta ante a folga convocada a partir deste mes de setembro e por catro meses nas escolas infantís "Galiña Azul" tomando en conta os problemas que acarrearán en materia de conciliación e tamén ante o encarecemento do material escolar e dos comedores escolares, "dignos dos centros privados máis caros do país",



segundo din o comunicado.

Esixiron solucionar inmediatamente os desencontros entre

a Xunta de Galicia e os Concellos, criticando que non poñeran "as medidas necesarias para que unha folga convocada en xullo chegue a setembro sen solución algunha para as necesidades de conciliación das familias". Finalizaron dicindo que "empatizamos coas mestras das escolas, pero precisamos que o servizo siga adiante" debido a que "non podemos suportar máis sobre as nosas costas".

Concurso de Fotografía Dixital "Camiño Inglés"

Ata o 12 de setembro está aberto o prazo para participar na segunda edición do Concurso de Fotografía Dixital "O Camiño Inglés", certame convocado pola Asociación de Concellos do Camiño Inglés e a Asociación de Amigos El Camiño Inglés, en colaboración coa Deputación da Coruña. Unha iniciativa que busca aumentar a visibilidade e poñer en valor todos os bens patrimoniais, paisaxísticos, etnográficos, gastronómicos e culturais desta ruta xacobea.

O concurso está aberto a todas as persoas que o desexen, sexan profesionais ou afeccionados, especialmente aos centos de peregrinos que realizaron o Camiño nos últimos meses. Os únicos requisitos son que as fotografías sexan orixinais, inéditas, estean relacionadas co Camiño Inglés e sexan presentadas antes das 23:59 horas do vindeiro luns 12 de setembro.

Cada participante pode achegar ata 3 fotografías en formato dixital á dirección info@caminoingles.gal, indicando título, lo-

calización da obra (lugar e concello no que foi tomada), nome e apelidos, DNI, domicilio, teléfono de contacto, correo electrónico e perfil de redes sociais. As imaxes serán publicadas nas páxinas de Facebook e Instagram da Asociación de Concellos do Camiño Inglés.

As catro fotografías que máis reaccións positivas xeren pasarán a unha segunda fase canda outras 18 fotografías elixidas por un xurado profesional ata completar un total de 22 imaxes que conformarán unha exposición que percorrerá os distintos municipios do Camiño Inglés. O xurado elixirá as tres mellores fotografías de acordo cuns criterios de calidade artística da imaxe, creatividade, significado...

Os premios consistirán en bonos de 150, 100 e 50 euros a canxear en diferentes establecementos de aloxamento e restauración do Camiño Inglés incluídos na Rede Stelar, a rede de excelencia e atención ao peregrino promovida pola Asociación de Concellos do Camiño Inglés.

XIII Concurso de Viñetas da Deputación da Coruña

OXIII Concurso de Viñetas para alumnado de secundaria convocado pola área de Igualdade da Deputación da Coruña xa ten gañadores. Na categoría A (de 12 a 14 anos) a vencedora foi Vega



Menéndez, de 13 anos, residente en Culleredo; o segundo premio recaeu en Inés Grau, tamén de 13 anos, residente na Coruña; e o terceiro, en Ainara Soto, de 12 anos, residente na Coruña. Na categoría B (de 15 a 18 anos), o xurado concedeu un único galardón, a Laura Mayo, de 17 anos, residente en Valladolid.

O xurado estivo presidido pola responsable provincial de Igual-

dade, María Muíño, e polas vogais Eva Ovenza, técnica de Igualdade da Deputación; María Maquieira, licenciada en Historia da arte en Santiago de Compostela e na facultade de Letras e filosofía de Perugia; e Xulia Pisón, titulada superior de Ilustración na EASD Pablo Picasso da Coruña; actuou como secretaria Carolina Buhigas, xefa de sección da área provincial de Servizos Sociais.

Tres novos destinos internacionais para Alvedro

A partir de 2023 o aeroporto de Alvedro contará por primeira vez na súa historia, cun total de cinco conexións internacionais, con tres novos destinos (Ámsterdam, Milán e Xenebra), que se unen ás conexións xa operativas cos aeroportos de Londres-Gatwick e París-Orly.

O Concello, por medio do Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña, avaliou as ofertas recibidas no segundo concurso convocado para a promoción turística da cidade. A compañía Easyjet amosou o seu desexo de facerse cargo das tres novas rutas que



unirán A Coruña con Ámsterdam (Países Baixos), Milán (Italia) e Xenebra (Suíza).

Cos 1,2 millóns de euros investidos neste segundo concurso,

sumados aos 9,7 millóns que supuxo o primeiro, o Concello investiu xa 10,9 millóns de euros na promoción da Coruña no exterior e de Alvedro.

Conservación dos espazos verdes da Torre de Hércules



A concelleira de Medio Ambiente e Sostibilidade, Esther Fontán, asistiu á sesión de divulgación e conservación das áreas verdes promovida polo Concello da Coruña e o Grupo Naturalista Hábitat na contorna da Torre de Hércules.

Na actividade participaron 15 persoas que, de forma voluntaria e durante tres horas, colaboraron nesta xornada dominical na limpeza e retirada de especies exóticas invasoras no Espazo Natural de Interese Local (ENIL) da Torre de Hércules.

Máis de 500 familias coruñesas gozarán da gratuidade das escolas infantís

O Concello da Coruña, a través da Concellaría de Educación, Memoria Histórica, Innovación, Industria e Emprego, ofertou no pasado mes de marzo un total de 420 prazas na Rede de Escolas Infantís Municipais (REIM). Un servizo que será gratuíto para as familias por segundo ano consecutivo.

A Rede de Escolas Infantís Municipais (REIM) componse dun total de oito centros educativos. O Concello da Coruña recibiu un total de 548 solicitudes, 128 máis das prazas ofertadas. Na actualidade quedan 163 prazas libres para nenos e nenas de entre 0 e 3 anos de idade, repartidas entre a EIM A Caracola (Novo Mesoiro), EIM Agra do Orzán, EIM Arela (Elviña), EIM Carricanta (Castrillón), EIM Os Rosales, EIM Luís Seoane (Monte Alto), EIM de Monte Alto e a EIM Os Cativos (Palavea).



Melloras das instalacións educativas

Por outra banda, o Concello da Coruña, a través dos servizos de Educación, Medio Ambiente e Infraestruturas, traballa desde o comezo da tempada estival na execución de melloras na contorna e os recintos interiores de dez centros educativos da cidade, co obxectivo de acondicionar os accesos e instalacións de cara ao vindeiro curso.

Así, a Concellaría de Educación está a levar a cabo tarefas para a

renovación das instalacións eléctricas e baixa tensión en cinco colexios coruñeses (CEIP María Pita, CEIP Anxo da Garda, CEIP de Zalaeta, CEIP Emilia Pardo Bazán e CEIP Eusebio da Guarda) así como na reforma do habitáculo de conserxaría do CEIP Labaca e a ampliación do comedor escolar do CEIP Raquel Camacho.

O Goberno de Inés Rey executou investimentos por 660,986,72 euros para traballos de mellora e acondicionamento entre os colexios e escolas infantís da cidade.

Optimismo ante a candidatura á UNESCO de Cabo Ortegal



O vicepresidente e titular de Turismo da Deputación da Coruña, Xosé Regueira, ratificou o compromiso institucional e o seu optimismo coa candidatura de Cabo Ortegal a Xeonarque da Unesco, durante o encontro que tiveron no mesmo cabo cariñés os representantes de todas as institucións implicadas no proxecto: a Deputación, os concellos integrantes da Asociación para a Xestión do Xeonarque do Cabo Ortegal —Cariño, Cedeira, Cerdido, Moeche, Orti-

gueira, San Sadurnño e Valdo- viño— e a Xunta de Galicia.

A xuntanza celebrouse ao remate da terceira e derradeira xornada da visita ao territorio que abrangue o plan do xeonarque, que, entre o 28 e o 30 de agosto, realizou o equipo técnico de expertos designado pola Unesco para avaliar a candidatura, formado polo británico Chris Woodley-Stewart, director do xeonarque North Pennines, e do uruguaio César Goso, director científico do xeonarque Grutas del Palacio.

Máis información na nosa web
www.novasdoeixoatlantico.com

Formoso denunciou o abandono do rural por parte da Xunta

O secretario xeral do PSdeG, Valentín González Formoso, lanzou unha “mensaxe de alerta” pola crise demográfica de Galicia. Formoso asistiu á XXX Festa da Malla de Meira -Lugo-, onde sinalou ao abandono do rural por parte da Xunta como un dos factores determinantes para que Galicia teña sexa “a Comunidade Autónoma co peor comportamento demográfico”.

Formoso apostou por “facermos unha revolución tranquila no mundo rural” ante a perda de 150.000 habitantes para Galicia durante a etapa do PP ao fronte




da Xunta de Galicia e “onde só nacen cada día 38 rapaces e rapazas”, en contraste con Irlanda, que nos anos 1960 tiña a mesma poboación que Galicia e hoxe supera os 6 millóns fronte aos 2,7 desta Autonomía.

Formoso estivo acompañado do alcalde de Meira, o socialista Antonio de Dios, o presidente da Deputación, José Tomé, o portavoz parlamentario, Luís Álvarez, e cargos públicos e orgánicos do PSdeG da provincia.

Observatorio entre a Deputación da Coruña e PuntoGal

O presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, o seu homólogo de PuntoGal, Manuel González González, e a deputada de Normalización Lingüística, María Muíño, asinaron un convenio de colaboración mediante o cal a institución provincial contribuirá con 29.000 euros á creación do Observatorio PuntoGal.

O Observatorio PuntoGal centralizará información sobre o uso da rede en Galicia, desde unha perspectiva técnica pero tamén sociolóxica. Esta iniciativa forma



parte do programa corporativo arredor das TIC e a lingua que mantén o dominio. Nesta liña figura o apoio a proxectos como o certame Spin-Off PuntoGal, o concurso de relatos coa RAG, a

colaboración coas seleccións galegas de fútbol gaélico, o patrocinio de contidos en galego na rede ou a colaboración co Museo do Pobo Galego, por citar só algúns casos.

PSdeG contra a prohibición europea da Pesca de Fondo



O PSdeG iniciou unha recollida de sinaturas polas 63 cofradías galegas contra a prohibición da pesca de fondo da Comisión Europea en caladoiros de toda Europa, pero que afecta singularmente a Galicia.

O secretario xeral dos socialistas, Valentín Formoso, puxo a primeira sinatura acompañado

do Patrón Maior de Burela e presidente da Federación Nacional de Cofradías e de diferentes representantes dos municipios máis afectados na comarca da Mariña. Nesta campaña, os socialistas tratarán de sumar tamén a outras comunidades afectadas como Asturias, Cantabria ou o País Vasco, e incluso a outros países como Portugal ou Francia.

O cambio climático afecta a vida cotiá para o 85% da mocidade española



Tres de cada catro mozas e mozos europeos consideran que o cambio climático afecta a súa vida diaria e a súa saúde, segundo se desprende da sondaxe realizada no marco da iniciativa People & Planet. A porcentaxe elévase ata o 85% en España, onde a grande maioría das persoas enquisadas eran galegas, ao ser o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade o único socio do proxecto en todo o Estado.

A nosa mocidade estima que os problemas ambientais con maior impacto na súa vida persoal son os incendios forestais (74%), a contaminación do aire (63%) e a seca (58%), mentres que o desxeo dos glaciares ou a

subida do nivel do mar aprécianse como menos prexudiciais. Os lumes e a falta de auga son percibidos tamén como as cuestións medioambientais que máis afectan ao país en xeral, xunto coa perda de biodiversidade. O 93% da xente nova é consciente ademais de que a emerxencia climática ten a súa orixe na actividade humana.

A enquisa realizouse en España, Portugal, Alemaña, Irlanda, Italia, Polonia, Romanía e Países Baixos. Preto de 4.000 cidadáns e cidadáns, a grande maioría de entre 15 e 34 anos, expresaron a través dun formulario as súas inquedanzas arredor dos problemas ambientais e os novos hábitos sostibles.



MIRANDA
LIBRERÍA

en BUEU, onde ía ser?

www.libreriamiranda.gal

Ribeira Sacra recomenda o 15 de setembro como inicio oficial da vendima

O pleno do Consello Regulador da D.O. Ribeira Sacra decidiu que o 15 de setembro é a data recomendada para o inicio xeneralizado da vendima na Denominación de Orixe. Os resultados dos controis de maduración nas viñas, que desenvolveu o equipo técnico da Denominación durante os últimos días, permiten determinar o estado da uva e definir a data oficial para o inicio da vendima nesta campaña.

A vendima prolongarase previsiblemente ata outubro, podendo chegar ao redor dos 6 millóns de quilos de uva. O pasado ano a data oficial foi o 15 de setembro e finalizaba a vendima o 20 de outubro.

Na última semana algunha adega realizou traballos puntuais de vendima, tendo recolleitos ata o momento case 11.000 quilos de

uva, principalmente Godello con 8.141 quilos. Séguenlle: Merenzao, 1.429 quilos e Albariño, 1.285 quilos.

O martes, 23 de agosto, iniciáronse os controis de maduración na denominación de orixe Ribeira Sacra (D.O.R.S.). Técnicas do Consello Regulador realizan estes controis en parcelas representativas das cinco subzonas da D.O. (Amandi, Chantada, Ribeiras do Sil, Ribeiras do Miño e Quiroga-Bibeí) e con todas as variedades de uva acollidas á mesma.

Estes controis serven para determinar o estado da uva e axudan a establecer a data oficial que recomenda o Consello Regulador para o inicio de vendima, sen perxuízo de que algunha adega poida comezar a recollida de uva con anterioridade se as súas uvas teñen as condicións adecuadas.

José Manuel Rodríguez Gon-

zález, presidente do Consello Regulador Ribeira Sacra lembra que as datas de inicio das vendimas variarán moito dependendo da situación dos viñedos e das variedades de uva, tendo en conta os efectos das condicións meteorolóxicas das últimas semanas. "Hai zonas onde choveu bastante coas tormentas e outras onde non choveu nada", aclara. "Para dar unha idea, eu teño viñas en Doade e Quiroga, e nas primeiras caeron oitenta litros por metro cadrado durante ou último mes, mentres que nas outras só caeron quince litros", especifica.

Situación sanitaria da uva

Rodríguez González comenta que "aqueles episodios foron puntuais que se acabaron precisamente grazas a que as temperaturas pasaron con frecuencia os 35 graos centígrados. A situación sanitaria de agora é boa", sinala.



Rodríguez advirte que o risco sanitario non desapareceu, porque se nas próximas semanas prodúcese unhas precipitacións excesivas podería aparecer a botritis. Se chove un pouco será bon, pero se chove moito de aquí á vendima teremos un problema, porque ese é un fungo moi complicado de tratar e desbordar pode arruinar unha colleita.

Rodríguez González aclara que "a escaseza de precipitacións e as altas temperaturas que se rexistraron ao longo do verán influíron de diversas formas nos viñedos da Ribeira Sacra. Hai zonas nas que as cepas ou pasaron

moi mal e outras nas que aguantaron mellor. Tal como sucede de forma xeneralizada en calquera territorio vinícola as cepas máis vellas e con raíces máis profundas soportaron mellor os efectos da seca e a calor que as máis novas. As variedades de uva tinta tamén ofrecen máis resistente baixo unhas condicións meteorolóxicas como as que caracterizaron os últimos meses. Os viñedos situados nas áreas máis próximas ao Sil (desembocadura do río Lor e Os Peares) víronse favorecidos por unhas precipitacións que resultaron algo máis abundantes que noutras zonas".

Novo acceso provisional a Folgoso do Courel

A Xunta puxo en servizo o novo acceso provisional a Folgoso do Courel, no que investiu 1 millón de euros, e avanzou que en setembro decidirá a solución definitiva para a reconstrución da LU-651. Trátase dun desvío da estrada LU-651 que parte do punto quilométrico 17+650, na contorna da área de descanso, e conecta novamente coa vía autonómica no 18+470, superada a zona do desprendemento. A pesar de que se trata dun desvío provisional, esta nova

vía ofrece unha gran funcionalidade e permitirá o acceso a Folgoso tanto a vehículos lixeiros como a camiões e autobuses que agora mesmo teñen o paso restrinxido.

Esta actuación de emerxencia tan só resta concluír os labores de sostemento dos noiros, de forma compatible coa circulación de vehículos. E vía dálle resposta ao desprendemento ocorrido o 20 de marzo nun treito de 200 metros da estrada que constitúe o principal punto de acceso a Folgoso

desde Quiroga e que quedou reducida nesa zona de Santa Eufemia a un gran socavón.

A conselleira indicou que de xeito paralelo a Xunta traballa na solución definitiva para a reconstrución da LU-651, ao que se procederá cando estea concluído o estudo de alternativas que se vén realizando nos últimos meses. Precisou que hai sobre a mesa diferentes opcións, desde a reconstrución da ladeira desprendida con recheos ata a execución dun túnel ou viaduto, pasando



A reforma da LU-651 entre Seoane e Ferrería Vella será en setembro.

por unha vía cun trazado alternativo.

Adiantou que en setembro, cando o estudo de todos os factores estea concluído, tomarase

unha decisión de forma coordinada co Concello e porase en marcha a solución definitiva ao derrubamento do acceso a Folgoso do Courel.





Adegavella

Eirexa 14, ABELEDA.
32765 A TEIXEIRA – Ourense.
Tfnos. 606807897 - 660047602
info@adegavella.com

Ribeira Sacra
Consello Regulador Denominación de Orixe





DON ÁLVARO
Desde 1967

**É tempo de vendima.
Non te compliques a vida.
Pide Don Alvaro Ribeiro,
o viño verdadeiro.
Treixadura e Mencía.**

**Avda. de Santiago 120
988 21 44 91 Ourense**

A catedral de Mondoñedo recupera a policromía do retablo

Román Rodríguez, conselleiro de Cultura, Educación, FP e Universidades e o bispo de Mondoñedo-Ferrol, Fernando García Cadiñanos, participaron no acto institucional de presentación da restauración do retablo e pinturas murais da catedral que se vén de acometer.

As actuacións contaron cun investimento de 270.000 euros e están cofinanciadas co programa FEDER Galicia 14-20. Actuouse no conxunto mural do presbiterio, cruceiro e nave, no retablo e no cadeirado do coro. Entre as distintas intervencións, realizouse un estudo medioambiental recollendo as medidas de humidade e temperatura e documentáronse as características técnicas da superficie do conxunto mural. Simultaneamente realizouse a restauración do conxunto mural con diferentes limpeza, consolidando estratos pictóricos e alixeirando vernices escurecidos.

Fíxose tamén unha reintegración cromática para dotar ao conxunto dunha correcta lectura que puxese en valor os restos de policromía que se conservaron ser desvirtuar o ciclo pictórico. No caso do retablo, desempeñáronse traballos de fixación e asentado naqueles estratos de policromía que pola súa debili-



A rehabilitación afectou ao retablo e aos murais.

dade de adhesión ao soporte presentaban risco elevado de perda. Tamén se aplicou un tratamento antixilófagos e se actuou na carpintería para as zonas de soporte debilitadas e nos casos necesarios.

Durante os traballos retiráronse elementos metálicos engadidos que non exercían ningunha función na actualidade e a limpeza superficial descubriu as cores orixinais, retirando manchas nalgunhas zonas das encarnacións. No cadeirado de coro, procedeuse á limpeza e elimi-

nación de sucesivos vernices antigos.

O conselleiro de Cultura salientou que con todos estes traballos continúa a revalorizar o papel da catedral de Mondoñedo como un dos máis destacados recursos patrimoniais da Mariña lucense e do Camiño do Norte “que é importante compartir tanto cos veciños como cos numerosos peregrinos que escollen esta Ruta Xacobeá”, expresou durante o acto que contou coa actuación musical do grupo Milladoiro.

O programa deportivo de verán en Monforte destacou pola participación



Entrega de diplomas de participación.

O alcalde de Monforte, José Tomé Roca, a tenente de alcalde, Gloria Prada, e o concelleiro de Deportes, José Manuel Mougán, entregaron no pavillón da Pinguela os diplomas acreditativos ós nenos e nenas que participaron na terceira e última quincena do Campamento Deportivo de Verán do Concello de Monforte.

O rexedor monfortino resaltou “o éxito rotundo da edición deste ano no que son as actividades tanto do Campamento Deportivo de Verán que vimos de clausurar,

como do Campus de fútbol que organizamos co R.C. Celta de Vigo, e os cursos de tenis, actividades nas que participaron un total de 459 nenos e nenas”.

En concreto, das 360 prazas ofertadas para os Campamentos Deportivos cubríronse 340. No caso do Campus de fútbol do R.C. Celta de Vigo-Concello de Monforte, foron cubertas o 100% das prazas ofertadas, é dicir 100. E polo que respecta os cursos de tenis, finalmente foron 19 as prazas das que desfrutaron os nenos e nenas monfortinos.

Salvador Illa en Monforte



José Tomé e Salvador Illa.

José Tomé Roca, alcalde de Monforte, mantivo un encontro co ex-ministro de Sanidade e actual secretario do Partido Socialista de Cataluña, Salvador Illa, durante a visita que o político catalán realizou a Monforte. Ambos mandatarios reuníronse no Parador de Turismo de San Vicente, e intercambiaron opinións sobre a situación política xeral.

En particular, José Tomé expúxolle a situación actual tanto de

Monforte de Lemos como da provincia de Lugo. Do mesmo xeito, Salvador Illa trasladoulle ó rexedor monfortino a súa visión sobre a política nacional e en Cataluña.

Tomé quedou en devolverlle a visita a Cataluña, tan pronto como sexa posible, á sede dos socialistas cataláns, dado que o alcalde de Monforte e presidente da Deputación de Lugo mantén unha excelente relación coa presidenta da Deputación de Barcelona, Nuria Marín.



982 41 02 69 loteribeirasacra@gmail.com
Rúa Cardenal Rodrigo de Castro, 43
27400 Monforte de Lemos. Lugo

Redacción LUGO

O goberno municipal de PSOE e BNG está a bloquear Lugo, segundo o PP

Desde o grupo municipal do Partido Popular lamentan que o goberno de Lara Méndez siga lastrando e paralizando a actividade económica da cidade e os investimentos que particulares, autónomos e empresas queren realizar no municipio.

Explica Antonio Ameijide, viceportavoz popular, que no que vai de ano, o Concello de Lugo resolveu 123 licenzas en xunta de goberno (65 licenzas correspondentes ao ámbito urbano e 58 ás parroquias do rural), un investimento privado total de 13.578.076,22€. Uns datos obtidos das actas das xuntas de goberno polo que para o popular “o goberno local non pode negar estes datos, salvo que nas actas oficiais falten á verdade”.

“Son datos moi preocupantes” xa que só o 9,75% das licenzas resolveuse no prazo legal de tres meses. Das 65 solicitudes de licenza resoltas no ámbito urbano, só 12 resolvéronse en menos de tres meses, mentres que a zona rural ningunha das solicitudes resolveuse en prazo, xa que hai expedientes dos anos 2014 e 2015.

Para o viceportavoz popular “os datos oficiais extraídos das actas das xuntas de goberno local son o mellor argumento para rebater o triunfalismo do que fan gala Lara Méndez e Rubén Arroxo, xa que a única realidade para os lucenses e as persoas que queren investir en



Casa Consistorial de Lugo.

Lugo son as complicacións, trabas e atrasos para conseguir licenza de obra maior”. Esta realidade que “provocan e queren” desde PSOE e BNG en Lugo supón un “freno nas obras que paraliza a economía local e desincentiva o investimento”.

No que vai de ano, os lucenses que pediron permiso para construír, rehabilitar ou facer obras de conservación ou reforma dunha vivenda no municipio tiveron que esperar 557 días de media para conseguir o seu permiso. Na zona urbana a espera media foi de 515 días, mentres que na zona rural a espera media foi de 609 días. “Vemos como os datos empeoraron notablemente, xa que no mesmo período de 2021 a espera media foi de 438 días na zona urbana e de 604 días no rural”, criticou. Esta crítica fundaméntase en que, de media, cada expediente supón un investimento de 167.630€, polo que tanto Lara Méndez como

Rubén Arroxo están a paralizar millóns de euros de investimento privado no Concello de Lugo.

O PP pedirá acceso aos datos das solicitudes para saber “cantos expedientes están aínda sen resolver no Concello de Lugo”. Uns datos cos que tamén se coñecerá o investimento privado que está a bloquear o goberno de Lara Méndez e Rubén Arroxo pola súa falta de axilidade na tramitación dos expedientes.

Ameijide sostén que é “inadmisíble” que despois de oito concelleiros de urbanismo; despois de nomear a un coordinador para a área de Urbanismo e despois de designar a un novo xefe de servizo “Lugo sexa un territorio comanche á hora de conseguir unha licenza para rehabilitar unha vivenda, crear un negocio, facerse unha casa, construír un almacén agrícola ou levantar unha nave industrial. O goberno municipal de PSOE e BNG está a bloquear Lugo”.


Ofrenda floral á Virxe dos Ollos Grandes



Membros da Corporación Municipal de Lugo asistiron, o día 15 de agosto, á misa con motivo da tradicional ofrenda floral do Concello á patroa da cidade, a Virxe dos Ollos Grandes, nun acto que tivo lugar ás 12:00 horas na catedral.

Previamente, desprazáronse en comitiva, dende a Casa Consistorial. Paula Alvarellos, tenente de alcaldesa, entregou o centro de flores ao Bispo, símbolo da ofrenda á patroa, na propia capela, que constitúe un dos exemplares máis vistosos do barroco peninsular.

O PP pregunta á alcaldesa polo antigo matadoiro



Estado actual do antigo matadoiro.

Hai máis de dous anos que Lara Méndez anunciou o traslado da protectora de animais de Lugo a unha nova sede: o antigo matadoiro de Lugo, un anuncio que quedou en papel mollado.

Denuncia Mar Carballas, concelleira do PP, que desde o anuncio realizado por Lara Méndez nada máis fixeron ata este ano no que “se decidiron a solicitar unha subvención para poder adecuar as instalacións do antigo matadoiro”. Ante esta situación a concelleira popular pregunta á alcaldesa “que pasou estes dous anos para que nada fixesen? ou, que pasaría se non nos chegan a conceder a subvención?”.

A protectora de animais de Lugo ten un problema grave de instalacións que necesita dunha rápida resposta por parte do Con-

cello de Lugo porque “non se entende a gran preocupación da que no seu día fixo gala Lara Méndez deixando pasar dous anos sen facer nada”. “Se tanto lle preocupan os animais da protectora e a xente que alí traballa ou realiza voluntariado, vai deixar pasar outros dous anos polo menos antes de facer algo máis?”, critica.

Mar Carballas sinala que as instalacións actuais da protectora están a deteriorarse e tanto os animais que alí están como a xente que os coida “están cansados de tantas e tantas promesas incumplidas” porque non é que só se deteriore a actual protectora, as futuras instalacións desta entidade tamén se deterioran máis e máis mentres Lara Méndez mira a outro lado “polo que tamén aumenta o custo de renovar o antigo matadoiro”.

XXI Festival de Habaneras en Monforte

Monforte celebrou a 21 edición do Festival de Habaneras na Praza de España coa participación de tres corais. “Voces Graves de Vigo”, a “Polifónica de San Roque” de Vigo e a “Polifónica do Concello de Monforte” actuaron o pasado sábado 3 de setembro na Praza de España de Monforte, nunha das citas clásicas do verán musical monfortino, o Festival de Habaneras, recuperado tras dous anos de ausencia a causa da Covid.

Biblioteca Basilio Losada en Láncara

A corporación municipal de Láncara aprobou por unanimidade a proposta de modificación da denominación da biblioteca pública, que pasará a levar o nome de Basilio Losada.

O intelectual, falecido recentemente, era fillo predilecto do municipio, e con esta acción preténdese render homenaxe á súa traxectoria e ao seu vínculo coa localidade lancareña.

A Xunta mellorará polígonos empresariais e creará viveiros industriais

Francisco Conde, vicepresidente económico e conseleiro de Economía, Industria e Innovación, informou que a Xunta de Galicia vai mobilizar preto de 1,5 millóns de euros en nove concellos da provincia de Ourense para que poidan mellorar as infraestruturas e servizos dos seus polígonos empresariais e implantar viveiros industriais.

Conde visitou o parque empresarial do Pereiro de Aguiar con motivo do inicio das obras de mellora dun vial de acceso. Esta actuación “facilitará a accesibilidade do polígono, a mobilidade, e que siga tendo mellores servizos e mellores prestacións para as máis de 100 empresas e

2.000 empregados que diariamente desenvolven a súa actividade aquí”. En concreto, está previsto ampliar a calzada, construír beirarrúas, así como instalar sinalización, rede de pluviais e iluminación co obxectivo de mellorar a mobilidade e seguridade vial. Trátase dunha actuación que se enmarca na liña de apoios que o Goberno galego destina este ano aos concellos para mellorar o equipamento dos seus polígonos e para implantar viveiros de empresas. En total, son 4,75M€ de orzamento para toda Galicia que van mobilizar 6,6M€ e beneficiar a 43 municipios.

Provincia

No caso da provincia de Ourense son seis os concellos be-

neficiados con axudas para a mellora de infraestruturas nos polígonos empresariais, que suman un investimento público-privado que supera os 700.000 euros. Trátase de Celanova, Cortegada, San Cibrao das Viñas, San Cristovo de Cea, Vilamarín e Vilar de Santos. Ademais, apóianse dous viveiros industriais na Veiga e no Carballiño cun investimento de 740.000 euros.

Conde apuntou que estas dúas liñas de apoio están pensadas para fortalecer o tecido empresarial dos concellos galegos desde o punto de vista da competitividade e as infraestruturas. Son apoios, abondou, que, ademais de favorecer a creación de novas empresas buscan ser unha cha-



O parque empresarial do Pereiro mellorou un vial de acceso.

mada a novos investimentos.

Concellos emprendedores

Durante a súa intervención, o vicepresidente primeiro puxo de manifesto a importancia de afondar na colaboración entre administracións. Neste sentido, os concellos emprendedores, como é o caso do Pereiro de Aguiar, teñen un papel protagonista ao seren os principais beneficiarios destes apoios.

Os concellos emprendedores cooperan coa Xunta de Galicia para facilitar ás empresas o seu desenvolvemento sobre o territorio a través de beneficios fiscais, acceso a solo e facilidades administrativas; unha colaboración que, a cambio, permite a estas localidades ter prioridade en ordes de axudas como as dirixidas á mellora de parques empresariais e á creación de viveiros industriais.

A praza de abastos de Viana do Bolo vai ser rehabilitada

AXunta de Galicia acaba de adjudicar por un importe de 590.558,65 euros, as obras de rehabilitación da praza municipal de abastos de Viana do Bolo, unha actuación que permitirá reformar este espazo público e darlle novos usos. Cun prazo de execución previsto no contrato de 11 meses, trátase dunha iniciativa municipal coa que se pretende recuperar esta praza e convertela nun edificio de usos

múltiples, con locais e espazos para uso e servizo por parte das asociacións de veciños e entidades sociais do concello.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda chegará o 70% do custo da actuación e o Concello de Viana do Bolo o 30% restante, tal e como consta no convenio de colaboración asinado entre ambas partes o pasado mes de abril. A colaboración da Xunta, en todo caso, irá máis alá

da achega económica, xa que tamén asume a contratación e execución das obras —conforme ao proxecto municipal aprobado—, tendo en conta que en moitas ocasións as entidades municipais non dispoñen da capacidade técnica necesaria para este fin. Pola súa parte, o Concello encargárase da explotación, mantemento e conservación das instalacións, tras a recepción das obras.

Proxecto de humanización en Moreiras

AXunta de Galicia e o Concello de Toén colaborarán para levar a cabo un proxecto de humanización e mellora da accesibilidade no núcleo rural de Moreiras. Cun investimento estimado en 425.000 euros, a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, e o rexedor municipal, Ricardo González, subscribiron un convenio no que ambas partes se comprometen a cooperar na execución desta actuación.

A Xunta achegará o 70% do

orzamento ademais de encargarse da contratación das obras e da súa xestión. A Administración local redactou o proxectos, financiará o 30% restante e unha vez recibidas as obras, asumirá o seu mantemento e conservación.

Os traballos, cun prazo de execución dun ano e que se prevén licitar este mes, inclúen a creación dun novo espazo público que incluírá 12 prazas de aparcamento, a construción de rampas accesibles con miradoiros e

escaleiras e unha senda peonil. Tamén prevé a ampliación da rúa Patín, ata acadar os 8 metros, a renovación do alumeadado público, ou a recollida das augas pluviais para o seu uso no rego e a conexión desta rede co saneamento municipal. Tamén está prevista a recuperación de vexetación e árbores, con plantación de especies autóctonas, e a posta en valor de elementos existentes na contorna, como as minas de auga, un lavadoiro ou os muros de pedra do núcleo.

A Praza da Constitución de Bande será reformada



A conselleira Ethel Vázquez e a alcaldesa Sandra Quintás.

AXunta vén de licitar as obras para levar a cabo melloras urbanísticas na praza da Constitución, na zona do mercado e na contorna da biblioteca municipal de Bande. Esta actuación contará cun investimento inicial estimado de 107.463, 80 euros, dos que a Xunta achegará o 70% e o concello o 30% restante.

Os traballos, cun prazo de execución de cinco meses, permitirán recuperar este espazo público, concibido para o espaxamento e o lecer e con vistas privilexiadas ao Xurés, a través dunha mellora urbanística que incida, sobre todo, na continuidade do conxunto.

O proxecto centrarase en re-

solver a accesibilidade dos distintos niveis existentes, lonxitudinal e transversalmente. As obras incluírán o derrubamento e levantamento do terrazo e dos chanzos de unión, obras de saneamento e drenaxe, renovación do pavimento con terrazo sobre soleira de formigón, lastro nas zonas de pendente que envolven a biblioteca, lousa na fonte e cantarías en chanzos e bordos.

Tamén se mellorará o mobiliario, coa colocación de bancos de madeira e de formigón nos ámbitos da biblioteca e da nova balconada, resultado da valorización do muro de cantería para que sirva de transición entre os distintos niveis e potencie as vistas.

O novo centro de saúde do Carballiño duplicará a superficie do actual

A Xunta de Galicia construíra un novo centro de saúde na parcela da antiga estación de autobuses do Carballiño que duplicará a superficie da actual infraestrutura sanitaria. Así o acordaron os conselleiros Sanidade e de Infraestruturas e Mobilidade e de Sanidade, Julio García Comesaña e Ethel Vázquez, respectivamente, co alcalde do Carballiño, Francisco José Fumega. Os representantes públicos asinaron un protocolo de colaboración que dá luz verde á execución desta importante e necesaria infraestrutura sanitaria para o municipio.

O Concello do Carballiño comprométese a realizar os trámites oportunos para a transmisión, en pleno dominio e libre de cargas e gravames, da parcela da antiga estación de autobuses emprazada no número 66 da Avenida do Balneario para a cons-



A estación de autobuses do Carballiño na actualidade.

trucción do centro de saúde coa cualificación urbanística axeitada ao Plan Funcional e de Espazos, así como ao cambio de uso do equipamento como sanitario.

O novo centro de saúde duplicará a superficie do actual, pois terá 4.500 m² fronte aos 1.800 do antigo local. “Vai ser un inmobile moderno, que permitirá contar con máis consultas de medicina e enfermaría, froito

das prazas que se crearon neste centro a través do Plan Galego de Atención Primaria”, explicou o conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, que engadiu que o espazo contará tamén con importantes melloras para a asistencia a pacientes e profesionais, pois incorporará as áreas bucodental e de saúde mental, así como salas de críticos e de observación no PAC.

A Teixeira quere unha residencia para maiores



Miguel Antonio Cid e Manuel Baltar.

Manuel Baltar, presidente da Deputación, recibiu no pazo provincial ao alcalde de A Teixeira, Miguel Antonio Cid, para repasar o estado das actuacións desenvolvidas polo goberno provincial neste municipio e examinar novos proxectos de colaboración en materia de servizos sociais ou na mellora de infraestruturas viarias.

Neste encontro de traballo, Manuel Baltar atendeu ás propostas do alcalde, avanzando o apoio da administración provincial ao proxecto de construción dunha residencia de maiores en A Teixeira. Miguel Antonio Cid tamén prantexou como prioritaria a mellora dun tramo da OU-0606, que conecta Pedra de Sol e o núcleo de A Teixeira.

O presidente da Deputación enmarca esta reunión dentro das xuntanzas axendadas dun xeito periódico con este alcalde para coñecer as necesidades e demandas do Concello e da súa veciñanza, resaltando o “bo traballo de Miguel Antonio Cid e do seu equipo, sempre activos na procura e execución de proxectos que melloren a calidade de vida dos veciños”.

Pola súa banda, o alcalde de A Teixeira recoñeceu a “receptividade do presidente e da Deputación” ante as necesidades dos concellos do rural: “Como administración máis próxima ao territorio, o goberno provincial sempre está aí blindando o seu apoio a proxectos que serían imposibles de realizar sen a súa colaboración”.

Cacharreiros de Galicia e Portugal en Niñodaguia

O VIII Encontro de Cacharreiros celebrouse no Museo da Olería de Niñodaguia (Xunqueira de Espadanedo) no mes de agosto. Foi unha celebración centrada na divulgación do oficio tradicional da olería –especialmente a de Niñodaguia– que a Xunta impulsa desde a súa creación no ano 2014. Entre os participantes desta oitava edición atópanse oito profesionais de Artesanía de Galicia (seis especializados na olería e na cerámica, un cesteiro e un torneiro de madeira) e un de Portugal.

Niñodaguia é un dos centros de olería tradicional activos en Galicia, característico pola cor amarela que lle imprimen ás pezas o barro local. Como xa é habitual, no encontro participaron os oleiros de Niñodaguia Agustín Vázquez e Enrique Cabanas, aos que este ano se sumaron os ceramistas Ana Méndez Cerámica (Pazos de Borbén),



Oitava edición no Museo de Olería de Niñodaguia.

Carlos San Claudio (Vigo), Antón Román (Gondomar) e Susana González (A Coruña); o cesteiro Carliños Cesteiro (Oia), o torneiro Adrián Pena do obradoiro Xar Arte en Madera (Vigo), e máis o artesán Carlos Lima (Tondela, Portugal), que participa como representante da olería portuguesa.

O Encontro de Cacharreiros está enfocado a impulsar a conservación e a posta en valor da

olería tradicional galega, así como achegarlle á sociedade o oficio e os diferentes tipos de olería que se fan en Galicia. O programa de actividades incluíu demostracións destes profesionais da olería, visitas guiadas ao Museo da Olería, así como as actuacións musicais de Emilio Rúa e das Cantareiras de Niñodaguia. Os visitantes tiveron ocasión de experimentar co torno no mesmo horario do encontro.

Polígono agroforestal para A Mezquita

A Xunta estudará a recuperación e mobilización de terras a través dos mecanismos que facilita a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, na Mezquita. A veciñanza está interesada en aproveitar as zonas de concentración parcelaria abandonadas para cultivo de cereal, tendo en conta as áreas identificadas como zonas preferentes de actuación por parte da Consellería.

Os responsables de Medio Rural

comprometéronse a estudar a proposta e mesmo a avaliar a súa implementación dentro do Plan Monterrei, no que colaboran diferentes administracións -que ten por obxecto dinamizar o rural da zona suroriental da provincia ourensá. A iniciativa pretende poñer en valor zonas de concentración parcelaria abandonadas, tendo en conta as áreas identificadas como zonas preferentes de actuación por parte de Medio Rural.

Dúas oliveiras na contorna do Pavillón dos Remedios

O Concello de Ourense plantou dúas oliveiras que embelecen a zona de acceso ao Pavillón Municipal dos Remedios desde a rúa Pardo de Cela, xunto ás pistas exteriores do recinto deportivo.

O goberno municipal quixo con esta intervención dotar este espazo dunha presenza de vexetación potente que contribúa a facer máis amable esta contorna, ao tempo que realzar a estética da nova fachada do pavillón municipal.

Son dous exemplares duns 350 anos de idade destas árbores, que son símbolo de lonxevidade e inmortalidade, xa que



Oliveiras de 350 anos.

poden chegar a vivir até 2.000 anos, así como de resistencia, renovación, prosperidade e fertilidade.

A plantación das dúas oli-

veiras vén completar a obra de ordenación do acceso e das pistas deportivas exteriores do Pavillón Municipal dos Remedios, inaugurada hai apenas un mes.

O alcalde Jácome en Viagem Medieval, en Santa María da Feira

Gonzalo Pérez Jácome, alcalde de Ourense, visitou a última edición da feira Viagem Medieval, que se desenvolveu na cidade portuguesa de Santa María da Feira, onde foi recibido polo seu homólogo, Emídio Sousa, presidente da cámara municipal. Jácome e Sousa falan de cooperación artísticas e festexos principalmente, no despacho do rexedor portugués. Posteriormente compartiron xantar.

Estímase que preto de medio millón de persoas pasaron desde o día 3 ao 14 de agosto por esta Viagem Medieval, cunha media de 40.000 persoas cada un dos últimos 12 días; unhas cifras que a converten nunha das máis grandes de Europa na súa especialidade.

Os alcaldes falan de posibles colaboracións futuras, en especial coa feira medieval de Ourense do próximo ano 2023, do mesmo xeito que Ourense xa colabora con outra localidade portuguesa,



neste caso Montalegre, e a súa celebración da Noite de Bruxas, para o Halloween 2022 de Ourense, que se desenvolverá o próximo 31 de outubro.

O alcalde de Ourense repite visita a Santa María da Feira. A primeira fora en 2019, nun evento que volvía este ano tras dous en que non se puído levar a cabo pola pandemia.

O presidente da cámara mu-

nicipal comprometeuse a devolver a visita no vindeiro mes de novembro, coincidindo coa celebración dos Magostos de Ourense.

Jácome foi acompañado na súa visita a Santa María da Feira polo concelleiro ourensán Antonio Fernández Martín. Na reunión tamén participou o concelleiro de turismo da cidade portuguesa.

A locomotora da Ponte segue abandonada



A máquina do tren está fronte a estación ferroviaria.

O PSdeG denuncia que o alcalde Jácome enganou á cidadanía ao anunciar, hai máis dun ano, a rehabilitación da histórica locomotora da Ponte, que a día de hoxe continúa “no abandono máis absoluto”. Dende o grupo municipal socialista aseguran que o rexedor “mentiu descaradamente” cando dixo que a máquina estaría lista antes do verán de 2021 “para acalar as protestas da veciñanza aldraxada”, que leva anos esixindo a reparación e sinalización

do emblema pontino.

Os socialistas lembran que “xa en xullo de 2020, dende o grupo socialista reclamamos que o Concello puxera cartas no asunto e executase a necesaria reparación da locomotora, mais foron os colectivos veciñais quen, logo dunha reunión en febreiro de 2021 con Jácome, conseguiron que o alcalde se comprometea coa posta en valor deste monumento antes de verán de 2021, unha actuación pola que seguimos a agardar máis dun ano despois”.

Os novos autobuses chegarán a fin de ano



O BNG cuestiona o estado dos autobuses actuais.

O Concello de Ourense adjudicou xa os contratos para a subministración de novos autobuses que renovarán o servizo de transporte urbano colectivo na cidade. Son, en total, 40 novas unidades: 10 autobuses eléctricos de 12 metros de lonxitude, outros 15 térmicos de 11 metros e 15 térmicos máis de 8 metros.

Os novos autobuses xa están en fase de produción, polo que se mantén o plan do goberno municipal para renovar o parque

móbil. Os térmicos (30 unidades) chegarán a finais do actual ano 2022 e os eléctricos iranse recibindo “escalonadamente”, explicou o alcalde, Gonzalo Pérez Jácome.

O rexedor replicou as declaracións realizadas polo grupo municipal do BNG, que denunciaba as deficiencias e avarías dos autobuses que actualmente prestan o servizo na cidade. “O BNG protesta por iso cando realmente votou en contra de que se comprasen os novos autobuses”, manifestou.

A Xunta restaurará a igrexa de Santo Domingo de Ribadavia

A Consellería de Cultura vai investir 732.881,65 euros na igrexa de Santo Domingo de Ribadavia para a súa restauración. A igrexa presenta problemas de estanquidade na cuberta, que están afectando á estrutura de madeira, e problemas de aspecto e conservación nos peches de pedra e nas proteccións das vidreiras.

Entre as patoloxías que afectan ao inmovible e que se fai necesario e imprescindible atallar atópanse na cuberta onde se propón unha solución que aconsella a súa substitución: a tella está degradada e existen moitas rotas, a solución de tella tomada con morteiro de cemento e posiblemente apoiada sobre unha solución, utilizada

habitualmente por Pons Sorolla, de taboleiro de baldosa de ladrillo e morteiro de cemento, impide unhas condicións ambientais e hixotérmicas axeitadas para a conservación do ben; existen elementos resoltos con materiais alleos ao carácter do ben (impermeabilización con pintura ao clorocaucho, canles de aluminio) e puntos singulares onde se detectan filtracións de auga.

Salvo na zona do cruceiro, as pezas que conforman a estrutura de madeira de castiñeiro (trabes e pontóns), aínda que recuperables, presentan signos desiguais de deformación, podremias localizadas nas cabezas dalgúns trabes, ataques de organismos xilófagos (couza nas zonas de al-

bura e ataques de termes nalgúns das pezas), roturas dalgúns pezas, e baixa calidade da madeira utilizada nalgúns pontóns (xemas, nós...).

Tamén se prevé intervir na fachada, as fábricas de pedra presentan colonizacións biolóxicas, arenizacións, desplazacións, xuntas de morteiro de cemento, costuras negras, sucidade por lavado diferencial de depósitos en superficies horizontais... e nos elementos escultóricos singulares, que presentan colonización biolóxica en forma de plantas superiores, musgos, líques e microorganismos, presenza de diferentes rexuntos de cementos, desprazamentos nas fiadas inferiores e eflorescencias puntuais de sales,



O convento e a igrexa foi declarado Monumento Histórico Artístico en xuño de 1931.

presenza de grafiti en fachada principal, costuras negras, manchas de óxido nas ventás absidiais.

A portada gótica presenta un mal estado de conservación do material pétreo con erosión diferencial, ataque biolóxico sobre todo na zona da metade dereita e zonas baixas, numerosas intervencións, restos de policromía en zonas puntuais, mal estado do morteiro de rexuntado por toda a superficie e perda de adhesión

do soporte, desprazamentos, fisuras e perdas matéricas, presenza de sales (nitratos e sulfatos), presenza de líques, fungos, musgos e plantas superiores, disgregación da pedra por acción das raíces, materiais non compatibles coa pedra como cementos. E nas proteccións das vidreiras que presentan corrosións, rotura ou perda xeneralizada da malla localizada nos bastidores e ausencia de protección nalgúns das vidreiras.

A Deputación mellora o paseo fluvial de O Corgo, en Muíños

A Deputación de Ourense ven de mellorar a accesibilidade do paseo fluvial de O Corgo, en Muíños, dentro dun proxecto a través do que se reforzou a conservación da soleira existente nesta zona do complexo turístico-deportivo.

Os traballos acometidos incluíron, ademais da mellora das zonas degradadas, a colocación de céspede de baixo mantemento

para resolver os problemas de seguridade e accesibilidade detectados. Con isto, o complexo de O Corgo mellora un espazo habilitado para o uso dos visitantes e realza esta área como destino turístico.

Ademais, esta actuación serve de apoio para outras intervencións enfocadas cara o ocio e o tempo libre, co obxectivo da potenciación deste destino dende

a perspectiva do deporte e a aventura, nas cales se deseñan e habilitan unha serie de espazos que dinamizarán esta área de actuación.

A iniciativa está enmarcada no proxecto Fronteira Esquecida, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) a través do Programa INTERREG V A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020.



Paseo fluvial en Muíños.



Galegos en Oviedo homenaxearán ao pobo ucraino

Un colectivo de galegos residentes en Oviedo prepara para setembro a edición XXVII dos actos que organiza a Asociación Día de Galicia en Asturias. O venres 16 de setembro celébrase o acto empresarial astur-galaico na sede da Cámara de Comercio de Oviedo á unha da tarde. Ao día seguinte haberá un concerto en homenaxe ao pobo ucraino no Auditorio Príncipe Felipe da capital do Principado ás 19,30 coa participación

de Yuri Nasushkin cos seus músicos e o cantante Antonio Barros. Ás doce da noite servírase unha queimada gratuíta na carpa que a asociación terá instalada na rúa Picasso. O domingo, día 18, celebrarase misa, cantada pola soprano Tina Gutiérrez, ás 11 da mañá na catedral de Oviedo. Ás 12,45 entregaranse as insignias de ouro e os carnés de socios de honra no Hotel Reconquista. Este ano imponse as insignias de ouro ao deseñador e escritor ou-

rensán Adolfo Domínguez González e a Orlando Alonso Villarón presidente da empresa Windar renovables. Posteriormente será o xantar oficial no restaurante do Hotel Reconquista.

Do día 7 ao 18 estará aberta na rúa Picasso a carpa onde se celebrarán as xornadas gastronómicas de Galicia e o parque temático.

Yuri Nasushkin, entre outras actividades artísticas e pedagógicas, dirixe os cursos de verán



Alfredo Canteli, alcalde de Oviedo, intervindo nunha edición anterior.

da Escola Internacional de Música da Fundación Princesa de Asturias. Nas dúas últimas edicións asistiu á súa inauguración a raíña Letizia. Nado en Kiev, capital de Ucraína, chegou a Asturias como membro do grupo de profesores e intér-

pretes "Os Virtuosos de Moscova", convidado pola Fundación Príncipe de Asturias, e actualmente é profesor do Conservatorio Superior de Música do Principado de Asturias e director artístico das novas orquestras do Principado e da Comunidade de Madrid.

Nasushkin foi profesor de violín, música de cámara e orquestra da Academia Nacional Superior Musichescu en Kishinyov, Moldavia; concertino e asistente do director titular da Orquestra de Cámara de Rádio e Televisión de Moldavia e director titular da Orquestra Sinfónica do Teatro Nacional de Ópera e Ballet de Moldavia; ademais de primeiro violín do cuarteto de corda da RTV de Moldavia.



Todos os actos programados contaron sempre coa aceptación do público astur-galaico.



Saborido Vinoteca

Avda Caldas nº 51 32001 A Ponte Ourense

@SaboridoOficial
 @JoseSaburido
 josesaburido

988 217 442
 608 150 381
 chasaborido@gmail.com

ALPENDRE PULPO

Tapas, revoltos, montados.
Rúa Fornos, 2. Casco Vello OURENSE

Ataraxia

Tfno. 988 68 64 12
Praza do Correxidor, 12.
Praza dos Suaves. OURENSE

CASA CORTÉS

Tf. 676 06 84 32
Rúa Lepanto, 24
OURENSE
@casacortesbar